



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de entrega dos premios da III Edición do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia, 5 de xuño de 2013 // 12.00h.

**Alumnos e alumnas, profesorado
Integrantes do Xurado do Concurso Escolar,
Membros da Mesa do Parlamento de Galicia,
Amigas e amigos:**

Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Nunca me canso de repetilo, e menos cando, como no día de hoxe, nos visitan tantos nenos e nenas.

Pero esta benvida debe ir acompañada do agradecemento e dunha felicitación cordial, na medida en que, ao participardes nesta terceira edición do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia:

- Demostrastes capacidade para buscar e procesar información que serviu de base para elaborar os traballos presentados a concurso.
- Destes exemplo traballando en equipo, cóbado con cóbado, cos vosos compañeiros de clase.
- E puxestes de manifesto que, como en calquera competición, participar é sempre o máis importante.

Por iso, nesta entrega de premios, quero felicitar, en primeiro lugar, a todos os participantes, os que nos acompañan, pero tamén os que hoxe quedaron nos seus centros escolares.

Nada me gustaría máis que premiar a todos, pero xa se sabe que os premios teñen que ser sempre limitados.



E traslado tamén os meus parabéns aos gañadores.

Estou convencida de que os gañadores na modalidade “Imaxina a pintura” agochan uns artistas en potencia que irán medrando en destreza e capacidade creativa, a medida que avance o seu proceso formativo.

O traballo seleccionado en “Imaxina o teu conto” evidencia non só a realidade poliédrica da Galicia do século XXI, senón que pon en valor o noso sistema educativo, que ben quixeran para si nenos residentes noutras latitudes, como se conclúe ao ler o conto que ten como protagonista un cativo afincado en Galicia, pero nacido na República Dominicana.

Os vídeos que se fixeron merecedores dos premios de “Exprésate” trasladan o espírito inconformista da mocidade, pero tamén o afán de superación fronte á adversidade, ou o civismo de quen se preocupa por conservar e mellorar o seu contorno habitual.

Como dicía ao principio, para o Parlamento de Galicia é unha honra tervos hoxe entre nós, hoxe e calquera outro día.

Por iso, imos seguir impulsando o programa de visitas guiadas desta institución, para que sexan máis as visitas escolares, e tamén as doutros colectivos, porque dificilmente se pode querer o que non se coñece; coñecer como é e como traballa o Parlamento de Galicia.

Cada ano, o Parlamento de Galicia recibe unha media de 15.000 visitantes, pero queremos que esa cifra vaia a máis. E nese obxectivo imos poñer todo o noso esforzo.

Xa para rematar, e dado que hoxe se celebra o Día Mundial do Medio Ambiente, todos recibiredes, á saída, un agasallo cedido polo conselleiro de Medio Ambiente. Con el pretendemos chamar a vosa atención sobre a necesidade de



preservar o noso contorno natural, que todos estamos obrigados a coidar para legar nas mellores condicións posibles ás xeracións futuras.

Porque Galicia atesoura un patrimonio ambiental de valor incalculable, e con enorme potencial de crecemento.

E, por último, recordarvos que, ademais do esforzo e da axuda dos mestres, da familia e da sociedade no seu conxunto, resulta imprescindible o voso esforzo e o voso traballo para que poidades acadar as metas soñadas.

A todos, moita sorte e moitas grazas.